



O ÁLVARO CUNQUEIRO ELIXIDO PARA IMPARTIR UN CURSO NACIONAL DE SIMULACIÓN CLÍNICA PARA INTENSIVISTAS

- *Este curso persigue a formación e capacitación de educadores para o uso da simulación clínica como instrumento de ensinanza, aprendizaxe e acreditación*
- *O Álvaro Cunqueiro dispón dun Centro de simulación médica avanzada para a formación dos profesionais sanitarios, con maniqués robotizados nos que se pode xerar distintos supostos clínicos similares a casos reais*

Vigo, 3 de marzo de 2023. O Hospital Álvaro Cunqueiro foi elixido pola SEMICYUC (Sociedad Española de Medicina Intensiva Crítica) para impartir o *V Curso de Instrutores en Simulación Clínica para Medicina Intensiva*. Así, durante os días de onte e hoxe, unha vintena de especialistas en medicina intensiva de diferentes hospitais de España están participando nestes obradoiros no Centro de Simulación do hospital.



Este curso persigue a formación e capacitación de educadores para o uso da simulación clínica como instrumento de ensinanza, aprendizaxe e acreditación. Segundo explica a xefa do servizo de Medicina Intensiva da Área Sanitaria de Vigo, Dolores Vila, "a novidade desta edición é que por primeira vez a parte práctica se realiza no noso hospital; o feito de ser elixidos entre todos os centros nacionais pon en valor, ademais do nivel dos nosos intensivistas, a capacidade tecnolóxica e docente do Álvaro Cunqueiro."

O curso, coordinado por la doutora María Jesús Broch, do Hospital La Fe de Valencia, consta dunha parte teórica online deseñada para proporcionar os coñecementos xerais necesarios; e un módulo presencial onde experimentar o aprendido, desenvolvendo escenarios, practicando o *debriefing* (discusión posterior sobre o acontecido na sala de simulación) e adquirindo métodos de avaliación.



7 intensivistas instrutores

Da UCI do Cunqueiro tamén recibirán formación 4 especialistas en medicina intensiva, polo que cando rematen esta aprendizaxe, o servizo de medicina Intensiva deste hospital contará con 7 especialistas acreditados como instrutores.

“Esta formación aporta un plus de calidade aos nosos especialistas xa que a aprendizaxe con simuladores ten por obxectivo final mellorar a seguridade no coidado das pacientes”, asegura a doutora Vila.

Centro pioneiro no Cunqueiro

O Hospital Álvaro Cunqueiro dispón dun *Centro de simulación médica avanzada* para a formación dos seus profesionais sanitarios. Trátase dunha iniciativa que permite ao persoal facultativo e de enfermaría desenvolver cursos específicos en condicións que se achegan o máis posible á realidade á hora de tratar determinados casos.

Para isto conta con 2 salas de simulación, 2 de observación e unha de teoría. As salas están interconectadas entre si para poder realizar o seguimento, mediante procedementos multimedia, das prácticas que se leven a cabo. Conta con catro maniqués robotizados interactivos, reproducións en tamaño real, que permiten simular calquera suposto clínico que se poida producir nun tratamento ou intervención real.

Isto é, grazas ao software que controla todo o proceso e interacciona cos maniqués, pódese xerar distintos supostos clínicos neles similares a casos reais que poden xurdir na práctica clínica diaria, como convulsións, subidas drásticas de tensión, sangrado, etc.

O software, ademais, facilita a gravación, e retransmisión ás salas contiguas, das prácticas que realicen os asistentes aos cursos así como posibilita a súa avaliación ou corrección, xa que se pode utilizar con aplicacións en calquera dispositivo móbil.

Precisamente, o Servizo Galego de Saúde acaba de crear a *Rede Galega de Centros de Simulación Avanzada* para potenciar o uso desta ferramenta formativa, e creará unha programación estable financiada por ACIS (Axencia Galega de Coñecemento en Saúde) para estes centros, a maiores da actividade que realice cada hospital.